

EBV

RESOLUCION

Aprobación da adhesión do Concello de Culleredo ao Convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Administraciones Públicas e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica.

Don José Ramón Rioboo Castro, Alcalde-Presidente do Concello de Culleredo, no uso das súas atribucións legalmente conferidas,

C.I.F. P-1503100-H

Visto o Decreto da alcaldía de data 26.01.2024 polo que se asigna á Secretaría Xeral do Concello, de conformidade co establecido nos artigos 3 e 6.3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, do réxime xurídico dos funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, as seguintes funcións, distintas ou complementarias das funcións reservadas, de coordinación para a implementación plena da Administración Electrónica en todos os servizos e departamentos municipais, configurando as aplicacións de xestión municipal necesarias e os distintos procedementos administrativos de forma íntegramente electrónica conforme aos parámetros das Lei 39/2015 e 40/2015 e demais normas de aplicación, baixo os principios de simplificación administrativa e redución de cargas, eficacia e eficiencia, transparencia, entre outras.

Visto o "Programa temporal de implementación da Administración Electrónica no Concello de Culleredo 2024-2027", aprobado na Xunta de Goberno Local de data 4.03.2024, que consiste na transformación dixital como instrumento fundamental para a modernización desta administración local, adecuándoa aos requirimentos das leis 39 e 40/2015; do RD 203/2021, do 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFSP); e do RD 311/2022, do 3 de maio, que regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), de maneira ordenada e programada nun intervalo de tempo de entre 12 e 36 meses. Preténdese dar un salto decisivo na mellora da eficacia e eficiencia desta administración local, eliminando as trabas administrativas a través da automatización da xestión, cunha maior orientación á personalización de servizos e á mellora da atención cidadá, garantindo servizos dixitais facilmente utilizables e con total seguridade xurídica, para facer efectiva unha Administración totalmente electrónica e interconectada, para garantir, por unha banda, que os procedementos administrativos se tramiten electronicamente pola Administración e, por outra, que a cidadanía se relacione con ela por estes medios nos supostos en que sexa establecido con carácter obrigatorio ou aqueles decídano voluntariamente.

O Programa Temporal contempla a execución de 3 subprogramas interrelacionados, sendo o primeiro deles o "Subprograma XESTION", que consiste na implantación dun xestor documental de expedientes e de distintas plataformas telemáticas para facer efectiva a tramitación telemática de todos os expedientes municipais tal e como esixen as leis de procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público do ano 2015, e máis recentemente o RD 203/2021, do 30 de marzo, que aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e o RD 311/2022, do 3 de maio, que regula o Esquema Nacional de Seguridade. Este importante e ambicioso subprograma (abarca 4 obxectivos e 2 liñas estratéxicas do Programa) trata de facer efectiva a implantación da Administración electrónica no Concello de Culleredo a través de distintos mecanismos como a optimización das novas tecnoloxías, a racionalización de procedementos, a mellora da organización administrativa, e a adhesión a plataformas telemáticas do Estado para mellorar a coordinación e a interoperabilidade con outras administracións e entidades públicas.

Entre as distintas accións concretas a executar no Subprograma GESTION, a acción prioritaria consiste na implantación dun novo xestor de expedientes e sede electrónica ("1.GEST"), a través dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Albacete para a posta en disposición da totalidade de aplicativos e ferramentas que integran a plataforma Sedipualba, que foi aprobado por acordo plenario de data 30.04.2024.

Outra acción a desenvolver no Subprograma GESTION -dentro da liña estratéxica 3ª: Implantación e desenvolvemento da administración electrónica. Acceso electrónico aos servizos públicos. Interoperatividade- é a adhesión as plataformas telemáticas doutras administracións públicas para acadar a máxima interoperabilidade posible (2.GEST.- Plataformas telemáticas. Interoperatividade.) Esta acción persegue a coordinación e cooperación interadministrativa, primando as solucións tecnolóxicas públicas e abertas ofrecidas por Administracións Públicas, buscando a converxencia tecnolóxica, a interoperabilidade, as economías de escala, os desenvolvementos únicos con múltiples implantacións, políticas de seguridade comúns e aforros de custos. Integración coas distintas plataformas existentes: coas solucións da AGE (NOTIFIC@, TS@, @FIRMA, SIR, SIA, INSIDE, ARQUIVE, CL@VE, Plataforma de Intermediación, etc.)

A adhesión as plataformas da Xunta de Galicia realizase a través dun convenio de colaboración –excluído da lexislación contractual segundo o artigo 6 da Lei 9/2017, de contratos do sector público- que se fundamentada nos principios de colaboración interadministrativa, eficacia, eficiencia dos artigos 9 e 103.1 CE e 3 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Considerando o disposto no artigo 3 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, establece como un dos principios xerais de actuación das Administracións Públicas, o principio de cooperación, colaboración e coordinación e, a propia Lei regula no seu capítulo VI do Título Preliminar o Convenio como instrumento con efectos xurídicos para a formalización de acordos entre Administracións para un fin común.

C.I.F. P-1503100-H Vista a providencia de alcaldía de data 21.05.2024 de inicio do expediente para a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica, o informe xurídico de secretaría de data 22.05.2024 e a memoria xustificativa do convenio de data 22.05.2024.

Considerando as distintas competencias municipais en ditas materias atribuídas polo artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), e as atribucións da alcaldía do 21.1 da LBRL,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a adhesión do Concello de Culleredo ao Convenio de colaboración entre a Secretaría de Estado de Administracións Públicas e a Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica (BOE de data 9.12.2013, Resolución de 26 de novembro de 2013, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o Convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a prestación mutua de solucións básicas de administración electrónica).

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde-presidente para execución do presente acordo e sinatura da adhesión ao convenio de colaboración e demais trámites que procedan.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo á Xunta de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

.

Culleredo, á data da sinatura dixital

O Alcalde-Presidente
(Asinado dixitalmente)

Dou fe,
O secretario xeral,
(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H